



PROGRAMACIÓN DOCENTE DE...Análise IV.....Curso 2023/24.

CONSERVATORIO SUPERIOR DE MÚSICA DE A CORUÑA

TÍTULO SUPERIOR DE MÚSICA (ENSINANZAS REGULADAS POLOS Decretos 163/2015 e 171/2016)

1. IDENTIFICACIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN										
DISCIPLINA <i>Análise IV</i>										
ESPECIALIDADE:	Interpretación, Pedagogía			ITINERARIOS:	Acordeón, Canto, Corda Fretada, Guitarra, Arpa, ITP, Música antiga (Clave, ICP), Percusión, Piano, Vento madeira, Vento metal. Pedagogía do instrumento/canto, Xeral e da linguaxe musical,					
CARÁCTER:	Formación Básica			TIPO DE CLASE:	COLECTIVA					
DEPARTAMENTO:	Composición			XEFE DE DPTO.:	Paz Pita Vázquez					
CURSOS	1º curso	2º curso	3º curso	4º curso	COORDINADOR/A DA DISCIPLINA:	Patricia Sánchez Cao				
CUADRIMESTRES	I	II	III	IV	V	VI	VII	VIII	Horas de clase semanais:	1.5
ECTS/CUAD.	2	2	2	2					Observacións:	
DOCENTES:	NOME E APELIDOS				EMAIL/TEL/WEB	TITORÍA				
	Patricia Sánchez Cao				patriciasanchezcao.analisis@gmail.com	Martes 20.00-21.00				
	Fernando Ruibal Tilve				ferruti_14@hotmail.com	Venres 10.00-11.00				

2. DESCRIPTOR E COMPETENCIAS	
DESCRITOR: Estudo da obra musical a partir dos seus materiais construtivos e dos diferentes criterios que interveñen na súa comprensión e valoración. Coñecemento dos diferentes métodos analíticos, e a súa interrelación con outras disciplinas. Fundamentos estéticos e estilísticos dos principais compositores/as, escolas e tendencias da creación musical.	
COÑECEMENTOS PREVIOS:	
RELACIÓN CON OUTRAS DISCIPLINAS (OPCIONAL)	
COMPETENCIAS TRANSVERSAIS:	T1, T2, T4, T7, T8, T10
COMPETENCIAS XERAIS:	X1, X3, X10, X11, X12, X13, X15, X17.
COMPETENCIAS ESPECÍFICAS:	EI1, EI5, EP3
Ver a lista e descrición de competencias nos Decretos 163/2015 do 29 de outubro anexo I e 171/2016	

3. OBXECTIVOS	
DESCRICIÓN	COMPETENCIAS RELACIONADAS
Coñecer os principios técnicos e estilísticos da música do século XX, representados nos seus principais compositores/escolas/estilos.	T1, T2, T4, T8, X1, X3, X10, X11, X12, X13, X15, X17. EI1, EI5, EP3
Ser capaz de expoñer argumentadamente (por escrito ou verbalmente) a análise dunha obra pertencente ao período estudado.	T2, T7, T8, T10, X3, X10, X11, X12, X13, EI1, EI5, EP3
Ser capaz de extraer da análise dunha obra do período traballado conclusións válidas para ser aplicadas á propia práctica interpretativa e/ou pedagóxica.	T1, T2, T7, T10, X1, X3, X13, X17. EI1, EI5, EP3



4. CONTIDOS		
TEMAS	DESCRITOR DE SUBTEMAS	SESIÓNS
1. Parámetros Xerais e Técnicas Analíticas	<ul style="list-style-type: none"> Teoría dos conxuntos e os "pitch-class" Harmonía no século XX Melodía no século XX Ritmo no século XX Son no século XX Forma no século XX 	3
2. Máis aló da tonalidade	<ul style="list-style-type: none"> A transición: Debussy Novas tonalidades: Béla Bartok Politonalidade, pantonalidade, atonalidade libre 	6
3. O período de entreguerras	<ul style="list-style-type: none"> A Escola de Viena Dodecafonismo Neoclasicismo 	3
4. Despois da Segunda Guerra Mundial	<ul style="list-style-type: none"> Serialismo integral Innovacións en notación, forma e textura Nova tonalidade 	2
5. Repaso	<ul style="list-style-type: none"> Repaso xeral dos contidos 	2
TOTAL SESIÓNS:		16

5. PLANIFICACIÓN DOCENTE E METODOLOXÍA			
TIPO DE ACTIVIDADE E DESCRICIÓN	HORAS PRESENCIAIS	HORAS NON PRESENCIAIS	TOTAL HORAS
Exposición teórico-práctica (Exposición do tema que se vai traballar con introdución de conceptos teóricos e mostra de exemplos de algunhas análises. Nalgúns temas utilizaranse capítulos concretos extraídos da bibliografía.)	4	0	4
Práctica individual (Realización por parte do alumnado de análises prácticas, traballando os elementos técnicos e estilísticos das obras, con especial incidencia nos seguintes aspectos: forma, harmonía, plan tonal, material temático, texturas, instrumentación, melodía, ritmo.)	0	36	36
Corrección colectiva (Corrección colectiva da práctica individual. Exposición do traballo de cada un e debate, se é o caso. Traballo de aula.)	11	0	11
Práctica colectiva (Realización de análises por grupos de alumnos que deberán expoñer o seu traballo e defendelo nun debate con outros grupos. Análises similares aos da práctica individual.)	2	0	2
Audición (Audición da obra a analizar, practicando unha análise auditiva elemental na que se identifiquen os elementos máis básicos (forma, cadencias, texturas, etc.) como introdución a unha posterior análise máis profunda.)	2	0	2
Actividades de avaliación: Proba final Revisión de proba final (1.Avaliación da práctica individual e colectiva mediante a corrección na aula. Constituirá unha porcentaxe ponderada da cualificación final. 2.Proba práctica escrita: Realización da análise dunha obra de similares características ás traballadas durante o cuadrimestre. Constituirá unha porcentaxe ponderada da cualificación final. 3.Traballo na aula sobre a obra que tivera sido obxecto de exame, de maneira similar ás análises feitas ao longo do cuadrimestre e dando resposta ás preguntas de exame. Posteriormente, revisión individual.)	3	0	3
TOTAL HORAS:			(24+36) 60



6. AVALIACIÓN			
FERRAMENTAS DE AVALIACIÓN	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	COMPETENCIAS AVALIADAS	PONDERACIÓN
6.1. CONVOCATORIA ORDINARIA			
6.1.1 AVALIACIÓN ORDINARIA (CON AVALIACIÓN CONTINUA)			
Traballo semanal: Avaliarase de xeito continuo ao longo do cuadrimestre a práctica individual, colectiva e a participación na clase.	Valorarase a actitude, asistencia, puntualidade, cantidade e calidade dos traballos realizados, participación construtiva nos debates e mellora xeral progresiva.	Todas	30%
Proba final: Análise escrita dunha obra (ou fragmento) do período estudado nese cuadrimestre e de características similares ás analizadas nas clases. Características da proba: <ul style="list-style-type: none"> duración indicada na convocatoria (máx. 3 horas) dúas escoitas da audición preguntas concretas de cada parámetro da análise con indicación do valor porcentual na cualificación total en cada pregunta deberá acadarse un mínimo de puntuación para superar a proba 	<ul style="list-style-type: none"> Identificación dos diferentes parámetros que forman a obra (melódico, formal-estructural, harmónico-tonal, rítmico, textural, tímbrico-instrumental, etc.) Identificación da interacción dos distintos parámetros entre si na obra obxecto de análise, comprensión da importancia relativa de cada un e relación co estilo da obra, o compositor, a escola e a época. Conclusións analíticas e aplicación das mesmas á interpretación instrumental. Comprensión, aplicación e valoración dos diferentes procedementos e técnicas de análise que sexan de aplicación nas obras obxecto de estudo durante o curso.	Todas	70%
6.1.2. AVALIACIÓN ORDINARIA (ADIANTO DE CONVOCATORIA-EXAME DECEMBRO)			
Proba: Análise escrita dunha obra (ou fragmento) do período estudado nese cuadrimestre e de características similares ás analizadas nas clases. Características da proba: <ul style="list-style-type: none"> duración indicada na convocatoria (máx. 3 horas) dúas escoitas da audición preguntas concretas de cada parámetro da análise con indicación do valor porcentual na cualificación total en cada pregunta deberá acadarse un mínimo de puntuación para superar a proba 	<ul style="list-style-type: none"> Identificación dos diferentes parámetros que forman a obra (melódico, formal-estructural, harmónico-tonal, rítmico, textural, tímbrico-instrumental, etc.) Identificación da interacción dos distintos parámetros entre si na obra obxecto de análise, comprensión da importancia relativa de cada un e relación co estilo da obra, o compositor, a escola e a época. Conclusións analíticas e aplicación das mesmas á interpretación instrumental. Comprensión, aplicación e valoración dos diferentes procedementos e técnicas de análise que sexan de aplicación nas obras obxecto de estudo durante o curso. 	Todas	100%
6.1.3. AVALIACIÓN ALTERNATIVA (PERDA AVALIACIÓN CONTINUA)			
En caso de que se superen as catro faltas de asistencia no cuadrimestre o apartado de traballo semanal non computará para a nota do cuadrimestre, constando esta do 100% da cualificación obtida na proba final (ver 6.1.1).	<ul style="list-style-type: none"> Identificación dos diferentes parámetros que forman a obra (melódico, formal-estructural, harmónico-tonal, rítmico, textural, tímbrico-instrumental, etc.) Identificación da interacción dos distintos parámetros entre si na obra obxecto de análise, comprensión da 	Todas	100%



	<p>importancia relativa de cada un e relación co estilo da obra, o compositor, a escola e a época.</p> <ul style="list-style-type: none"> • Conclusións analíticas e aplicación das mesmas á interpretación instrumental. • Comprensión, aplicación e valoración dos diferentes procedementos e técnicas de análise que sexan de aplicación nas obras obxecto de estudo durante o curso. 		
6.2. CONVOCATORIA EXTRAORDINARIA			
<p>Proba: Análise escrita dunha obra (ou fragmento) do período estudado nese cuadrimestre e de características similares ás analizadas nas clases. Características da proba:</p> <ul style="list-style-type: none"> • duración indicada na convocatoria (máx. 3 horas) • dúas escoitas da audición • preguntas concretas de cada parámetro da análise con indicación do valor porcentual na cualificación total • en cada pregunta deberá acadarse un mínimo de puntuación para superar a proba 	<ul style="list-style-type: none"> • Identificación dos diferentes parámetros que forman a obra (melódico, formal-estructural, harmónico-tonal, rítmico, textural, tímbrico-instrumental, etc.) • Identificación da interacción dos distintos parámetros entre si na obra obxecto de análise, comprensión da importancia relativa de cada un e relación co estilo da obra, o compositor, a escola e a época. • Conclusións analíticas e aplicación das mesmas á interpretación instrumental. • Comprensión, aplicación e valoración dos diferentes procedementos e técnicas de análise que sexan de aplicación nas obras obxecto de estudo durante o curso. 	Todas	100%
<p>Observacións: ** En caso de obter unha cualificación inferior a 3,5 sobre 10 na proba final non se terá en conta o apartado de traballo semanal para a nota do cuadrimestre, constando esta do 100% da cualificación obtida na proba final</p>			

7. ALUMNADO CON NECESIDADES EDUCATIVAS ESPECIAIS

DESCRIPCIÓN	CRITERIOS E PAUTAS
<p>Deberanse cumprir as disposicións vixentes no marco do establecido no Real decreto legislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social.</p> <p><i>Asimesmo terase en conta a ORDE do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia en que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.</i></p>	<p>Aqueles que estableza a Consellería competente en materia de Educación.</p>

8. BIBLIOGRAFÍA, MATERIAIS E DOCUMENTOS

<p>En español:</p> <ul style="list-style-type: none"> • JOEL LESTER, Enfoques analíticos de la música del siglo xx . • LA MOTTE, D.: Armonía. • SCHOENBERG, A.: Tratado de armonía. • SCHOENBERG, A.: Funciones estructurales de la armonía. • PERSICHETTI, V.: Armonía del siglo XX. • KÜHN, C.: Tratado de la forma musical. • KÜHN, C. Historia de la composición musical en ejemplos comentados. • DESPORTES, Y. e BERNAUD, A. Manual práctico para el reconocimiento de los estilos desde Bach a Ravel. • LARUE, J. Análisis del estilo musical. • ADLER, S. El estudio de la orquestación.
--



En Inglés:

- "A GUIDE TO MUSICAL ANALYSIS". Nicholas Cook.
- "A GUIDE TO MUSICAL STYLES: from Madrigal to Modern Music" Douglas Moore
- "STRUCTURAL FUNCTIONS IN MUSIC". WallaceBerry.
- "THE RHYTHMIC STRUCTURE OF MUSIC" .LeonardB. Meyer and Grosvenor Cooper.
- "THE FORM OF MUSIC" William Cole.
- "A HISTORY OF MUSICAL STYLE" Crocker L., R.

9. OBSERVACIÓNS